

## **COMUNICACIÓN DO IES VAL MIÑOR RESPECTO DO USO DE MÓBILES E GRUPOS DE MENSAXERÍA RELACIONADOS CO CENTRO**

Logo da experiencia acumulada nos últimos anos, e despois da comprobación do xeito en que son usados, habitualmente, os grupos telefónicos de mensaxería privada, desde o IES Val Miñor queremos comunicar os seguintes puntos, especialmente dirixidos ao noso alumnado e aos seus responsables legais:

- Consideramos que non é necesario, para o desenvolvemento dunha vida académica normal, o mantemento de ningún “grupo de clase” a través de calquera aplicación de mensaxería telefónica. Instamos, polo tanto, ás/aos administradores destes grupos a que procedan a pechalos (sobre todo, se o seu nome vai asociado ao centro, ao grupo, etc.). As canles oficiais de comunicación que xa vimos usando na nosa tarefa cotiá (plataforma E-Dixgal, aula virtual do centro e outras) son suficientes para que o intercambio de información entre o alumnado e o profesorado sexa efectivo.
- Aproveitamos para lembrar que o alumnado do noso centro non está autorizado para usar aparellos como o teléfono móbil, salvo que este estea expresamente permitido por algún profesor. Nesta prohibición incluimos os traslados ao pavillón, no caso daqueles grupos que realizan alí a actividade da materia de Educación física, e os períodos de recreo, ademais do resto da xornada lectiva.
- Queremos facer un recordatorio, que facemos extensivo a toda a comunidade educativa, sobre a responsabilidade necesaria no uso de mensaxería móbil e outras aplicacións. A liberdade de expresión non nos faculta para faltar ao respecto a ninguén nin para facer un uso inadecuado da súa imaxe ou doutros datos persoais.

Por suposto, calquera información que afecte ao noso alumnado ou que sexa necesaria, no fío dalgunha investigación daquelas que a lei educativa entende como parte do noso labor, será tida en conta. Porén, consideramos que a comunicación que se produza entre o alumnado do centro, a través dos seus teléfonos móbiles, entra dentro da esfera privada e afecta, fundamentalmente, a eles mesmos e ás/aos súas/seus titoras/titores legais.

O equipo directivo do IES VAL MIÑOR